

GALICIA O MELLOR EQUIPO NO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE WUSHU

- MADRID 28/29 de marzo de 2015 -

A SELECCIÓN GALEGA CONSIGUE 34 MEDALLAS

O pasado fin de semana celebrouse no Pavillón CNT de Villaviciosa de Odón en Madrid o XXIX Campionato de España de Wushu. A Selección Galega estivo composta por 21 deportistas: 5 na modalidade de combate (Sanda) e 16 na modalidade de Formas.

Foi a mellor selección do Campionato, polo número de medallas conseguido nas dúas modalidades de competición (Formas e Combate), 18 de ouro, 6 de prata e 10 de bronce, é dicir un total de 34 medallas. O Director galego, José Gago, recibiu as felicitacións de varios delegados autonómicos, tanto polos resultados como polo comportamento xeral do equipo.

Na categoría Sénior, os deportistas ourensanos destacaron un ano máis. Especialmente brillou a actuación de José Manuel Ferreira, Gimnasio Arco de Verin, que conseguiu 4 medallas de ouro en distintas categorías da modalidade de Forma e Ezequiel Gago, que gañou o ouro nas 2 modalidades de Tai Chi. O excelente resultado destes 2 deportistas ourensanos ponos á cabeza do ranking nacional de Wushu con moitas opcións para representar a España no próximo Campionato do Mundo que se celebrará en Yakarta, Indonesia no mes de novembro.

Na categoría Junior tamén se obtiveron extraordinarios resultados destacando:

Laura Álvarez de OLYMPÖS (Lugo) con 3 ouros en Gunshu, en Changquan e en Daoshu
Andrés Expósito do OLYMPÖS (Lugo) con 2 ouros en Nanquan e en Gunshu.
Belén Arjones do WUDANG (Ponteareas) con 3 ouros en Nanquan, Nangun e Nandao
Arcadio Álvarez, do ARCO (Ourense) ouro en Nangun e prata en Nanquan e Clara Álvarez Do DINAMIC (Ourense) prata en Nangun e bronce en Nanquan.

Na Modalidade de combate destacou, André Fandiño da Coruña que revalidou o seu título de Campión de España no peso de 80 kg, e como actual medallista de bronce do pasado Europeo, gañouse a súa participación no mundial, será, xunto cos 2 ourensanos, unha parte importante da Selección Española para o próximo mundial en Yakarta.

RESULTADOS CAMPIONATO DE ESPAÑA 2015 - SELECCIÓN GALEGA DE WUSHU

FORMAS JUNIOR:

NOME	CLUB	POSTO
ARCADIO ÁLVAREZ	ARCO (Ourense)	Ouro en Nangun Prata en Nanquan
ANDRÉS EXPOSITO	OLYMPÖS (Lugo)	Ouro en Nanquan Ouro en Gunshu
LAURA ÁLVAREZ	OLYMPÖS (Lugo)	Ouro en Changquan Ouro en Daoshu Ouro en Gunshu
BELÉN ARJONES	WUDANG (Ponteareas)	Oro en Nanquan Oro en Nangun Oro en Nandao
CLARA ÁLVAREZ	DINAMIC (Ourense)	Prata en Nangun Bronce en Nanquan
PAULA SOTELINO	WUDANG (Ponteareas)	Prata en Jianshu
SARA DEL RIO	FIT SPORT (Vigo)	Bronce en Jianshu
JACOBO MO	WUDANG (Ponteareas)	Bronce en Nandao

FORMAS SENIOR:

NOME	CLUB	POSTO
EZEQUIEL GAGO	DINAMIC (Ourense)	Ouro en Taiji Quan Ouro en Taiji Jian
AGAR GAGO	DINAMIC (Ourense)	Bronce en Taiji Quan Bronce Taiji Jian
JOSÉ MANUEL FERREIRA	ARCO (Verin)	Ouro en Nanquan Ouro en Nangun Ouro en Nandao Ouro en Duilian
DAN RIO	AMC (La Coruña)	Ouro en Duilian Prata en Jianshu Prata en Qiangshu, Bronce en Changquan
OSCAR BOENTE	WUDANG (Ponteareas)	Bronce en Jianshu
ALBA LEDO	FIT SPORT (Vigo)	Bronce en Daoshu Bronce en Gunshu

SANDÁ:

NOME	CLUB	POSTO
ANDRÉ FANDIÑO	AMC(La Coruña)	Ouro en -80kg
GONZALO SPECHT	SANTIAGO SANDA (Santiago)	Ouro en -85kg
NGANE FAYE	ARTAI (Ourense)	Prata en -75kg
JUAN CARLOS OTERO	AMIGOS DEL WUSHU (Redondela)	Bronce en -65kg